

NIGRÁN

CAPITAL MUNDIAL
DE ARTE URBANA


CONCELLO
NIGRÁN
Equilibrio Natural



LULA GOCE

(Baiona, 1976). Esta artista con estudo en Nigrán é recoñecida internacionalmente polas súas impresionantes obras murais en diferentes recunchos do planeta. Licenciouse en Belas Artes en Salamanca na especialidade de Pintura. Estudou un doctorado e un máster en creación artística na Universidad de Belas Artes de Barcelona, Deseño Gráfico en Pauta Formacio e de Ilustración en La Escola de la Dona, ademais de traballar en centros de produción artística como Hangar, en Poblenu, e formar parte de espazos artísticos como Caminal ou La Escocesa. O seu traballo como muralista ten fonda pegada en países como EEUU, México, Israel, Portugal, Italia, Bélxica, Francia, Catar...

(Baiona, 1976). Esta artista con estudio en Nigrán es reconocida internacionalmente por sus impresionantes obras murales en diferentes rincones del planeta. Se licenció en Bellas Artes en Salamanca en la especialidad de Pintura. Estudió un doctorado y un máster en creación artística en la Universidad de Bellas Artes de Barcelona; Diseño Gráfico en Pauta Formacio y de Ilustración en La Escola de la Dona, además de trabajar en centros de producción artística como Hangar, en Poblenu, y formar parte de espacios artísticos como Caminal o La Escocesa. Su trabajo como muralista tiene honda huella en países como EEUU, México, Israel, Portugal, Italia, Bélgica, Francia, Catar...

OBRAS:

1. 'A dona do esteiro' (esquina entre rúa Argonautas e Romana Baixa, A Ramallosa).

Este 'milagre' natural de rostro feminino aderezado con garzas, flores, mar e plantas foi encargado polo Concello de Nigrán co obxectivo de transformar unha gran medianeira de 250 m². Foi recoñecido como o segundo mellor mural do mundo do ano 2023 pola prestixiosa plataforma de arte urbana 'Street Art Cities'. Como é característico na súa obra, a exuberancia da natureza e a beleza feminina mestúrase para trasladar á cidadanía unha mensaxe en defensa do medioambiente e tamén de orgullo de pertenza e de identidade compartida. Como punto gótico, tamén habitual, a gárgola que a muller sostén na man como símbolo do lado escuro do ser humano. A gran novidade neste traballo é que, por vez primeira, Lula empregou a intelixencia artificial para xerar o rostro a partir dunha imaxe de Penélope Cruz con outras mulleres elixidas aleatoriamente.

1. 'A dona do esteiro' (esquina entre calle Argonautas y Romana Baixa, A Ramallosa).

Este 'milagro' natural de rostro feminino aderezado con garzas, flores, mar y plantas fue encargado por el Ayuntamiento de Nigrán con el objetivo de transformar una gran medianera de 250 m². Fue reconocido como el segundo mejor mural del mundo del año 2023 por la prestigiosa plataforma de arte urbano 'Street Art Cities'. Como es característico en su obra, la exuberancia de la naturaleza y la belleza femenina se mezclan para trasladar a la ciudadanía un mensaje en defensa del medioambiente y también de orgullo de pertenencia y de identidad compartida. Como punto gótico, también habitual, la gárgola que la mujer sostiene en la mano como símbolo del lado oscuro del ser humano. La gran novedad en este trabajo es que, por vez primera, Lula empleó la inteligencia artificial para generar el rostro a partir de una imagen de Penélope Cruz con otras mujeres elegidas aleatoriamente.





2. 'As sementes da diversidade' (rúa Gondomar, Panxón).

Imaxes de crianzas e natureza mestúranse nun trazo hiper-realista neste gran muro de 200 m² consagrado a la defensa da diversidade e amor polo noso medio e as orixes. "Cada un de nós é único, ese é o noso tesouro, e aprender a coñecernos e respectarnos é unha das cousas mais maravillosas da vida", explica Lula, quen deseñou ex-profeso este mural tendo en conta a súa ubicación, "ten unha mensaxe educativa porque está ao carón dunha escola infantil, e tamén ten un significado de ciclo da vida porque está pegado ao cemiterio". Así, nel retrata cinco rostros de nenos e nenas onde destaca a súa diversidade étnica e cultural e a vexetación, tema reiterado na súa obra.

2. 'Las semillas de la diversidad' (rúa Gondomar, Panxón).

Imágenes de niños y naturaleza se combinan en un trazo hiper-realista en este gran muro de 200 m² consagrado a la defensa de la diversidad y amor por nuestro medio y nuestros orígenes. "Cada uno de nosotros es único, ese es nuestro tesoro, y aprender a conocernos y respetarnos es una de las cosas mas maravillosas de la vida", explica Lula, quien diseñó ex-profeso este mural teniendo en cuenta su ubicación, "tiene un mensaje educativo porque está a un lado de una escuela infantil, y también tiene un significado de ciclo de la vida porque está pegado al cementerio". Así, en él retrata cinco rostros de niños y niñas donde destaca su diversidad étnica y cultural y la vegetación, tema reiterado en su obra.



Vista completa do mural 'As sementes da diversidade' (rúa Gondomar, Panxón).
Vista completa del mural 'Las semillas de la diversidad' (rúa Gondomar, Panxón).





3. ED Val Miñor – Nigrán (*Campo Municipal de fútbol de Condomínguez, estrada San Román-Chans, Priegue*).

A intervención centrouse no exterior dos vestiarios, onde se retrataron ás grandes figuras formadas na ED Val Miñor-Nigrán (os irmáns Thiago e Rafinha Alcántara, Rodrigo Moreno e Santi Comesaña) e tamén na parede da grada, con sendas escenas de celebración de nenos desta escola de fútbol e, no centro, o retrato do futbolista internacional Jorge Otero e Santi Comesaña, ámbolos dous nativos de Nigrán.

3. ED Val Miñor – Nigrán (*Campo Municipal de fútbol de Condomínguez, carretera San Román-Chans, Priegue*).

La intervención se centró en el exterior de los vestuarios, donde se retrataron a las grandes figuras formadas en la ED Val Miñor-Nigrán (los hermanos Thiago y Rafinha Alcántara, Rodrigo Moreno y Santi Comesaña) y también en la pared de la grada, con sendas escenas de celebración de niños de esta escuela de fútbol y, en el centro, el retrato del futbolista internacional Jorge Otero y Santi Comesaña, ambos nativos de Nigrán.

4. Homenaxe a Carlos Casares (*CEIP Carlos Casares de Vilariño, rúa Padres Franciscanos 40, Vilariño*).

O centro educativo homenaxea con esta gran pintura de Lula Goce a obra infantil de quen foi o seu ilustre veciño, Carlos Casares, xa que o mural baséase en debuxos que representan a personaxes dos seus libros, como 'Toribio' e 'Lolo', e as que aparecen en 'A galiña azul', 'As laranxas máis laranxas de todas as laranxas' ou 'O Can Rin e ou Lobo Crispín'. Inclúe as afeccións persoais do escritor (como a fotografía ou os trens ou a súa faceta de tradutor de obras como 'O Principiño'). A artista enlaza todo iso a través da imaxinación dun neno que le e que está plasmado con impresionante hiperrealismo e delicadeza.

4. Homenaje a Carlos Casares (*CEIP Carlos Casares de Vilariño, calle Padres Franciscanos 40, Vilariño*).

El centro educativo homenajea con esta gran pintura de Lula Goce la obra infantil de quién fue su ilustre vecino, Carlos Casares, ya que el mural se basa en dibujos que representan la personajes de sus libros, como 'Toribio' y 'Lolo', y los que aparecen en 'A galiña azul', 'As laranxas máis laranxas de todas as laranxas' o 'O can Rin e o Lobo Crispín'. Incluye las aficiones personales del escritor (como la fotografía o los trenes o su faceta de traductor de obras como 'El Principito'). La artista enlaza todo eso a través de la imaginación de un niño que lee y que está plasmado con impresionante hiperrealismo y delicadeza.



JUAN RIVAS

(Pontevedra, 1974) é pintor, fotógrafo e docente licenciado pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra, en 1999. Estudou na Universidade de Kingston en Londres, cunha bolsa Erasmus no curso 1996-97. Obtivo tamén a bolsa de pintura do Concello de Mojácar (Almería, 1999). Bolsa Novos Valores (Deputación de Pontevedra, 2005) e Artist in Residence – Krems an der Donau (Austria, 2009).

(Pontevedra, 1974) es pintor, fotógrafo y docente licenciado por la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra, en 1999. Estudió en la Universidad de Kingston en Londres, con una bolsa Erasmus en el curso 1996-97. Obtuvo también la bolsa de pintura del Ayuntamiento de Mojácar (Almería, 1999). Bolsa Nuevos Valores (Diputación de Pontevedra, 2005) y Artist in Residence – Krems an diere Donau (Austria, 2009).

OBRAS:

1. 'Pintura no Lugar', barrios do interior da Ramallosa e Panxón.

Rivas deixa a súa pegada en Nigrán coa súa característica forma de "paisaxe estendida" a postes ou farolas da contorna no interior das parroquias de San Pedro da Ramallosa, Panxón e Parada (barrio de A Carrasca). O resultado é un sorprendente efecto óptico porque logra integrar os soportes a través dunha paisaxe pintada con acrílico e posteriormente vernizada. A localización, explica Rivas, nunca é caprichosa, elixindo sempre zonas menos masificadas e coñecidas, e todas con requirimentos imprescindibles como que a luz do sol afecte por igual nun determinado momento ao soporte e a súa paisaxe adxacente ou que na zona haxa algún elemento diferenciador; por iso, antes de comezar a pintar, adica moitas horas previas a paseos e fotografías.

1. 'Pintura en el Lugar', barrios del interior de la Ramallosa y Panxón.

Rivas deja su huella en Nigrán con su característica forma de "paisaje extendido" a postes o farolas del entorno en el interior de las parroquias de San Pedro da Ramallosa, Panxón y Parada (barrio de A Carrasca). El resultado es un sorprendente efecto óptico porque logra integrar los soportes a través de un paisaje pintado con acrílico y posteriormente barnizado. La localización, explica Rivas, nunca es caprichosa, eligiendo siempre zonas menos masificadas y conocidas, y todas con requerimientos imprescindibles como que la luz del sol afecte por igual en un determinado momento al soporte y su paisaje adyacente, o que en la zona haya algún elemento diferenciador; por eso, antes de comenzar a pintar, dedica muchas horas previas a paseos y fotografías.



Localizacions en Google Maps.
Localizaciones en Google Maps.



PEDRO GONZÁLEZ, 'BEIS'

(Vigo, 2000). Titulado pola Escola Superior de Deseño Gráfico José Failde (Ourense).
(Vigo, 2000). Titulado por la Escuela Superior de Diseño Gráfico José Failde (Ourense).


OBRAS:

1. 'Arte en Paradas'. Estrada pola Costa.

O obxectivo deste encargo realizado polo Concello de Nigrán no 2025 foi promover a identidade cultural, paisaxística e turística da zona ao tempo que se dignifica o espazo público cunha intervención artística de calidade nas marquesinas do autobús interurbano. A ruta de 7 km comeza coa pillara das dunas no cruce da Estrada pola Vía con Patos e continúa pola costa ata a Ramallosa con ostraceiro, virapedras, negrón común, colimbo chico, correlimo, cormorán, gaviota común, garza real, martín pescador, bisbita común e charrán. Pese a ser diferentes aves, todas as pinturas comparten unha mesma paleta de cores, o que ofrece unha estética de conxunto.

1. 'Arte en Paradas'. Carretera por la costa.

El objetivo de este encargo realizado por el Ayuntamiento de Nigrán en 2025 fue a promover la identidad cultural, paisajística y turística de la zona al tiempo que se dignifica el espacio público con una intervención artística de calidad en las marquesinas del autobús interurbano. La ruta de 7 km comienza con el chorlitejo patinegro en el cruce de A Estrada por la Vía con Patos y continúa por la costa hasta a Ramallosa con ostraceiro, vuelvepedras, negrón común, colimbo chico, correlimo, cormorán, gaviota común, garza real, martín pescador, bisbita común y charrán. Pese a ser diferentes aves, todas las pinturas comparten una misma paleta de colores, lo que ofrece una estética de conjunto.





DANIEL FERNÁNDEZ

'DANI SEEK'

Muralista, diseñador gráfico e ilustrador. Finalista no Certame 'Xuventude Crea' da Xunta de Galicia na sección de graffiti.
Muralista, diseñador gráfico e ilustrador. Finalista en el Certamen 'Juventud Crea' de la Xunta de Galicia en la sección de graffiti

OBRAS:

1. Homenaxe a Rosalía de Castro (Praza Rosalía de Castro, Nigrán).

Con esta iniciativa, o Concello quixo vincular á praza co propio nome que homenaxea e, ao mesmo tempo, mellorar a imaxe desta entrada. Deste xeito, o tunel de acceso, de 14 metros de lonxitude e 2,5 de altura, conta cun graffiti de Dani Seek moi colorista no que figura o rostro da escritora galega universal, o seu verso 'Cantarte hei, Galicia, teus dulces cantares', e diferentes motivos propios da cultura galega e a o seu medio natural (flores, paxaros, instrumentos como unha gaita e unha pandereta, etc).

1. Homenaje a Rosalía de Castro (Plaza Rosalía de Castro, Nigrán).

Con esta iniciativa, el Ayuntamiento quiso vincular a la plaza con el propio nombre que homenajea y, al mismo tiempo, mejorar la imagen de esta entrada. De este modo, el tunel de acceso, de 14 metros de longitud y 2,5 de altura, cuenta con un graffiti de Dani Seek muy colorista en el que figura el rostro de la escritora gallega universal, su verso 'Cantarte hei, Galicia, os teus dulces cantares', y diferentes motivos propios de la cultura gallega y su medio natural (flores, pájaros, instrumentos como una gaita y una pandereta, etc).

Outras obras de 'Dani Seek' - **Homenaxe á 'familia martaraña'** (rúa dos Pazos, 137- Camos).

Outras obras de 'Dani Seek' - **Homenaje a la 'familia martaraña'** (rúa dos Pazos, 137- Camos).

2. 'Olladas ao mar'. Contorna de Monteferro.

Beis realizou tamén en 2025 un exitoso conxunto de 7 murais na contorna de Monteferro como parte do seu traballo de fin de grado, entre Patos e A Madorra. Todos eles representan rostros femininos cun estilo hiperrealista. Como en 'Arte nas Paradas', cada mural ten un QR, neste caso para amosar o seu proceso de realización.

2. 'Olladas ao mar'. Entorno de Monteferro.

Beis realizó tamén en 2025 un exitoso conxunto de 7 murales en el entorno de Monteferro como parte de su trabajo de fin de grado, entre Patos y Madorra. Todos ellos representan rostros femininos con un estilo hiperrealista. Como en 'Arte en Paradas', cada mural tiene un QR, en este caso para mostrar su proceso de realización.



